

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

Anuncio de licitación de obra incluída no PAS 2015, apartado convenios da Deputación da Coruña

ANUNCIO DE LICITACIÓN DAS OBRAS DO CONCELLO DE MELIDE, INCLUÍDAS NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015-APARTADO CONVENIOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN)

1.-Entidade adxudicadora.

Datos xerais e datos para a obtención de documentación.

- a) Organismo: Concello de Melide.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Entidade: Concello de Melide.
 - 2) Enderezo: Praza do Convento n.º 5.
 - 3) Localidade e código postal: Melide, 15800.
 - 4) Teléfono 981505003
 - 5) Fax 981506203
 - 6) Enderezo correo electrónico: contratacion@concellodemelide.gal
 - 7) Enderezo de Internet do perfil do contratante: www.contratosdegalicia.es
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información: durante o prazo de presentación de proposicións.

2.-Obxecto do contrato.-Contratación da seguinte obra incluída no PAS 2015-CONVENIOS:

Denominación	N.º expediente CPV	Orzamento sen IVE (valor estimado)	IVE	Orzamento con IVE	Prazo execución	Clasificación
Proxecto básico e de execución adecuación interior da planta primeira do centro socio-cultural de Melide, A Coruña	5/2016 45212300-9 45212320-5 45212321-2	187.102,93	39.291,61	226.394,54	3 meses	Non se esixe

3. -Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma de adxudicación: con multiplicidade de criterios de valoración
- e) Criterios de adxudicación:

FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

- 1.-Plan de control interno de calidade: de 0 a 9 puntos.
- 2.-Programa de traballo: de 0 a 13 puntos.
- 3.-Programa de actuación ambiental: de 0 a 6 puntos.
- 4.-Plan de seguridade e saúde: de 0 a 12 puntos.

Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV.

Disposición común: exclusións

As empresas que non superen a puntuación mínima de 12,5 puntos na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de control interno de calidade, programa de traballo e actuación

ambiental, e plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS

1.–Porcentaxe destinada a control de calidade.

1.A.–Porcentaxe destinada a control interno de calidade: de 0 a 1 punto.

1.B.–Porcentaxe destinada a control externo de calidade: de 0 a 9 puntos.

2.–Redución de prazos (criterio de carácter específico aplicable a este contrato: DE 0 A 10 PUNTOS. Para estes efectos, no suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

3.–Oferta económica: ata 40 puntos. Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

4.–Garantía esixidas.

Provisional: non se esixe.

Definitiva: 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Garantía complementaria: de proporse a adxudicación da obra a un licitador que xustificase o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta, requirirase unha garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, sendo, polo tanto, nestes casos, o importe da garantía definitiva do 10% do importe de adxudicación excluído o IVE.

5.–Requisitos específicos do contratista.

a) clasificación: non se esixe.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica (cláusulas 16.1.d) e 12.1.1 apartado G). Poderá acreditarse:

A) Mediante a acreditación de que a empresa esta clasificada: no grupo C, subgrupo 4 e 6, categoría 2.

B) No suposto de que a empresa non estea clasificada, deberá acreditar a súa solvencia :

a. Económica e financeira: mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato

b. Solvencia técnica: mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución. Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

6. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: As proposicións presentaranse en horario do rexistro xeral (de luns a venres de 9.00 ás 14.00 horas e os sábados de 11.00 ás 13.00 horas), dentro do prazo dos vinte e seis días naturais, contados do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante (www.contratosdegalicia.es).

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP (cláusula 11 do prego).

b) Modalidade de presentación.–A documentación presentarase en tres sobres pechados (cláusula 12 e anexo III do prego de cláusulas administrativas particulares):

– Sobre A, subtítulado “Documentación”: conterá a documentación esixida na cláusula 12.1.2 do prego (documentación simplificada).

– Sobre B, subtítulado “Referencias técnicas criterios non avaliábles de forma automática”: conterá a documentación esixida na cláusula 12.2 do prego.

– Sobre C, subtítulo “Oferta económica e referencias valorables automáticamente”: conterá a proposición económica e referencias valorables automáticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Melide, e oficinas de Correos.
2. Domicilio: Praza do Convento 5.
3. Localidade e código postal: Melide, 15800.

7. Apertura dos sobres A, B e C.

- a) Enderezo: Concello de Melide, praza do Convento, 5.
- b) Localidade e código postal: Melide, 15800.
- c) Data e hora: publicaranse no perfil do contratante.

8. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario (anexo I do prego).

9. Outras informacións.

– Empregaranse os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados pola Deputación Provincial da Coruña (BOP 07/01/2016) coas peculiaridades do proxecto que se recollen no anexo I e IV do prego aprobado na Xunta de Goberno Local de fecha 28/07/2016 do Concello de Melide.

10. Obtención de pregos e proxecto: a copia do proxecto e dos pregos de cláusulas administrativas particulares poderán obterse no perfil do contratante (www.contratosdegalicia.es).

Melide, 3 de agosto de 2016.

A alcaldesa

Dalia García Couso

2016/6621